



O grupo municipal do BNG en Celanova a través do seu concelleiro Leopoldo Rodríguez Puga, ó abeiro do disposto na LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALIZA e demais disposicións, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO E DO MERCADO, E PARA A COORDINACIÓN DAS FEIRAS LIBRES NA COMARCA DE CELANOVA E A BAIXA LIMIA** quedando á espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e, se procede, posterior aprobación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio de proximidade xera riqueza, humaniza as vilas e reforza a comunidade de veciñas e veciños. O comercio de proximidade ofrece confianza e ten un indubidábel selo de calidade. Nestes tempos de crise sanitaria, coas restricións á mobilidade, o comercio local tórnase nun sector estratéxico para a nosa economía.

Mais o tecido é feble e por iso desde o BNG vimos insistindo desde a primavera de 2020 na necesidade de que as diferentes Administracións boten man do pequeno comercio, con medidas de apoio e con incentivos ao consumo de produtos locais e produtos galegos.

A crise sanitaria tamén puxo de relevo a importancia dos mercados de proximidade, dos beneficios que supón adquirir alimentos e outro tipo de mercadorías en tendas que traballan con provedores de zonas próximas, pois repercuten nos aspectos sociais, medioambientais e económicos da contorna. Non basta, entón, con ter un comercio de proximidade, aínda sendo isto importante, é preciso contar cunha produción local forte: gandeiros, agricultores, artesáns etc que poidan manter a súa actividade e non perdan colleitas ou a súa produción pola dificultade para vendelos nas cadeas de supermercados e tendas de mercados locais. Ou que estes queden desabastecidos de produtos “quilómetro 0”.

O pasado decembro, o pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que compromete ao goberno provincial a elaborar “un censo dos produtores locais de cada un dos concellos da provincia” e a propia institución a lle dar “a difusión precisa entre a veciñanza e os comercios locais favorecendo as sinerxias entre os mesmos”.

Fomentar o consumo de produto local en mercados de proximidade garante xerar tecido produtivo, pois o local favorece a economía. A aposta das institucións públicas debe ser sostíbel e centrada no próximo.

Por iso instamos a esta corporación a que adopte os seguintes acordos:

ACORDOS

1. Instar ao goberno municipal a colaborar coa Deputación Provincial na elaboración, e reforzar difusión a nivel local, do **censo de produtores locais**.

2. Instar á Xunta de Galiza á creación dun **novo imposto ás grandes superficies**, cuxa recadación se destine a axudar ao comercio de proximidade e pequenos produtores locais.

3. Instar á Xunta de Galiza a crear unha **nova lei de comercio** que poña fin á liberalización promovida polo PP. Pactada co sector e que recolla as súas demandas en materia de horarios, apertura de festivos ou para fixar o período de rebaixas, cuestións todas elas que teñen un importante impacto no éxito ou fracaso do comercio local.

4. Instar ao goberno municipal a crear unha **comisión de traballo** co resto dos grupos, as asociacións de comerciantes e representantes de produtores locais e feirantes para:
 - i. Establecer un calendario mensual e anual de feiras nas comarcas da Baixa Limia e Terra de Celanova, que poida dar cabida a novos eventos, e que permita unificar a normativa, as taxas e os horarios co fin de crear un itinerario con bonificación para os feirantes que participen del e introduza mellorar nas condicións de acceso, mobilidade e hixiene nestes mercados ao aire libre.

 - ii. Crear unha marca das feiras de Baixa Limia e Terra de Celanova, e establecer unha oferta de formación para os participantes no itinerario,

así como ferramentas comúns de comunicación e difusión das feiras e eventos.

iii. Estudar a posibilidades de deseñar un servizo de transporte público que garanta acceso con rutas de ida e volta desde as cabeceiras de comarca, e desde o resto de concellos onde sexa posíbel a través rutas de menos de 1 hora de traxecto.

iv. Colaborar co resto de concellos afectados na coordinación dos traballo para levar adiante o proxecto.

5. Instar ao goberno municipal a **concretar o estado de cumprimento dos acordos plenarios** de xuño e de novembro **en materia de apoio ao comercio local e aos autónomos** dando a publicidade necesaria a información para coñecemento da veciñanza de Celanova.

Celanova ,11 de xaneiro de 2021

Asdo. Leopoldo Rodríguez Puga.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA.